



CONCELLO DE REDONDELA

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS POR PEREGRINOS

ARTIGO 1.—CONCEPTO

De conformidade co previsto no artigo 20.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora de facendas locais, este concello establece a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial por peregrinos para pasar a noite. Os locais a utilizar serán as instalacións deportivas.

As prazas ocuparanse ao chegar os peregrinos que previamente o solicitasen e teñan autorización.

No caso de quedar espacio suficiente e estar dispoñible a instalación poderá ser ocupado polos peregrinos que se presenten aínda que non efectuasen solicitude previa, sempre que acrediten a súa condición de peregrinos. A estancia na instalación deportiva será dunha sola noite.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible a utilización das instalacións deportivas municipais existentes no municipio para pasar a noite co cumprimento das normas de comportamento descritas.

ARTIGO 3.—SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou que no seu interese redunden as prestacións a que se refire a presente ordenanza.

ARTIGO 4.—RESPONSABLES

Responden solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.—BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria será a resultante de aplicar a seguinte tarifa:

Pola utilización dos pavillóns municipais para pasar a noite: 3 euros por noite e persoa.



CONCELLO DE REDONDELA

ARTIGO 6.—NORMAS DE XESTIÓN

O aboamento da taxa realizarase na conta do Concello que se indique e achégase xustificante do mesmo ca presentación da solicitude, na que se indicará o número de total de persoas.

Nos suposto de non mediar solicitude previa deberá entregarse xustificante do pagamento no momento de entrada no local.

A Alcaldía determinará as tempadas anuais nas que se poderá facer uso das instalacións citadas, así como as condicións da súa utilización.

ARTIGO 7.—INFRACCIÓN E SANCIÓN

Para o tocante ás infraccións e sancións rexerá o disposto nos artigos 181 e seguintes da lei xeral tributaria.

Contra a aprobación definitiva desta Ordenanza unicamente poderá interporse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses dende a publicación da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia

Redondela, 18 de novembro de 2013.—O Alcalde, Javier Bas Corugeira

Publicacións Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

- BOP número 233 do 4.12.2013